

DEBUXO TÉCNICO BACHARELATO

O debuxo Técnico é unha materia que ensina a representar e comunicar ideas no espazo mediante unha linguaxe gráfica normalizada.

Ao longo do curso o alumnado traballa contidos de:

- **Xeometría plana:** Construcións xeométricas precisas con instrumentos de debuxo.
- **Sistemas de representación:** Como plasmar obxectos tridimensionais en papel: vistas diédricas, perspectivas axonométricas e cónica.
- **Normalización:** Linguaxe universal do debuxo técnico: anotación, escalas e tipos de liña segundo normas ISO/UNE.
- **Xeometría descritiva:** Resolución de problemas espaciais no plano, presente nos dous cursos de bacharelato e cun peso crecente en 2.º.

Non é unha materia de expresión libre: esixe rigor, precisión e método. O resultado correcto obtense seguindo un proceso lóxico, igual que en matemáticas.

Perfil do alumnado

Encaixa ben con estudantes que:

- Teñen facilidade para as matemáticas e o razoamento espacial.
- Teñen interese pola tecnoloxía, a enxeñería ou a arquitectura.
- Desfrutan de actividades que combinan lóxica e precisión.

Carreiras para as que pondera na PAU

O Debuxo prepara directamente para as carreiras técnicas e de enxeñería, desenvolve o pensamento espacial e a linguaxe gráfica profesional, e ten un peso real na nota de admisión universitaria. É unha materia esixente, e merece a pena elixila polas razóns correctas.:

Enxeñerías	Civil, Industrial, Mecánica, Eléctrica, Electrónica, Aeronáutica, Naval, Telecomunicacións, Informática...
Deseño Industrial	Deseño de Produto, Enxeñería de Deseño
Arquitectura	Arquitectura, Arquitectura Técnica / Enxeñería de Edificación
Topografía	Enxeñería Geomática e Topografía